



CODIA

ROGO PARA A LIMPEZA E RESTAURACIÓN DA PORTA NA EDIFICACIÓN DA CONFLUENCIA DAS RÚAS DO FRANCO E FONSECA, NO ACCESO Á PRAZA DO OBRADOIRO

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte ROGO:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O coidado no mantemento e limpeza da cidade debe ser unha prioridade para o Concello e máis, se cabe, cando se trata da cidade histórica e das inmediacións da Catedral.

Desde hai varias semanas, pódese observar como unha porta existente nunha pequena edificación situada no recanto formado entre o antigo edificio do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos (hoxe CSIC) e o Pazo de San Xerome, na encrucillada das rúas do Franco e de Fonseca que dá acceso á Praza do Obradoiro, se atopa deteriorada e chea de pintadas, afeando esta zona emblemática, por onde a diario transitan a maior parte das persoas que visitan a cidade.

Esta situación causa sorpresa, en primeiro lugar, pola falta de control dunha acción punible nun ámbito que, ademais de gozar dunha especial protección, debería manter unha permanente vixilancia; e , en segundo lugar, pola falta de dilixencia á hora de restituír a imaxe deteriorada.

Tendo en conta o expresado, formúlase o seguinte rogo:

Que por parte do correspondente órgano do Goberno local se fagan as xestións precisas para que se proceda a restaurar e pintar a porta da pequena edificación anexa, situada na confluencia das rúas Fonseca e do Franco, no acceso á Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela, a 17 de abril de 2017

Teresa Gutiérrez López
Concelleira do Grupo Municipal Popular